Resumo sobre a unidade 13. O proceso de transición á democracia, logros e limitacións.

(3ª avaliación, 3ª quincena)

Introdución.

- Despois da morte de Franco iniciouse un complexo proceso de transición política que levaría da ditadura a un sistema democrático. Tivo características singulares das que cabe destacar a escasa violencia.
- A reforma política impulsada pola oposición moderada e polos sectores aperturistas do franquismo, foi a vía elixida para a democratización do país.

1. A TRANSICIÓN POLÍTICA (1975-1978)

1.1. As forzas políticas en escena

- Dentro das forzas franquistas había os partidarios dun aperturismo e os inmobilistas (*búnker*), dirixidos por Carrero Blanco, xefe de goberno que morreu nun atentado de ETA en 1973.
- Arias Navarro xefe de goberno en 1974:"*espírito do 12 de febreiro*", insuficiente.
- Adolfo Suárez, xefe de goberno a partir de 1975, reformista que inicia a transición.

1.2. As forzas de oposición

- Dereita liberal: moi débiles e agrupados ao redor de figuras como Ruiz Gimenez ou os partidarios de Juan de Borbón, pai do monarca.
- Esquerda: Partido Comunista de España, dirixido por Santiago Carrillo, era o partido máis organizado e activo. PSOE organizado ao redor de Felipe González e Alfonso Guerra. Comisións Obreiras era o sindicato máis poderoso, mentres que a UXT comezaba a reorganizarse.
- As forzas antifranquistas que operaban desde o exterior agrupáronse en dous organismos: Junta Democrática, creada en París en xullo de 1974 e a Plataforma de Convergencia Democrática en xuño de 1975. Agrupáronse logo da morte de Franco en: Coordinación Democrática ou *Platajunta* presentando unha fronte unida partidaria da ruptura democrática.

1.3. A reinstauración da monarquía: Xoán Carlos I

- Formalmente, Xoán Carlos I asumía case os mesmos poderes que tivera Franco.

A monarquía tiña tres opcións básicas: permanencia nun franquismo atenuado, reformismo constituínte e ruptura constituínte.

1.4. O goberno de Arias Navarro. (novembro 1975-xullo 1976)

- O rei optou polo continuísmo, mantendo a Arias Navarro nun intento de unir a aperturistas e inmobilistas. O *espíritu del 12 de febrero* eran leis moi restrictivas que non contemplaban a existencia dos partidos políticos.
- Fíxose público o conflito coa Igrexa, no que parte da xerarquía eclesiástica encabezada polo cardenal Tarancón, viña criticando ao réxime por falta de liberdades.
- Incrementouse a conflitividade social (mobilizacións de masas), deterioro da economía motivada pola crise do petróleo de 1973 e aumento das accións terroristas.
- O rei, que non disimulara o seu descontento co labor do executivo, destituíu a Arias Navarro en xullo de 1976.

1.5. O goberno de Suárez: inicio das reformas

- O seu proxecto de cambio pretendía promover unha reforma progresiva do sistema político a partir da evolución das leis e das institucións franquistas. Era preciso anular

a resistencia dos inmobilistas nas institucións do Estado e atraer ao seu proxecto á oposición democrática.
- A principal obra do primeiro goberno de Suárez foi a elaboración e aprobación **da Lei de Reforma Política (LRP):**
- Proclamaba o carácter democrático do Estado español, baseado na soberanía nacional, e recoñecía os dereitos fundamentais das persoas
Grazas á habilidade de Torcuato Fernández Miranda e ao apoio do rei, foi aprobada nas Cortes mediante negociacións subterráneas.
- A Lei foi ratificada en referendo, polo pobo español cun 94% de votos positivos.
- A oposición fanática dos *ultras* realizou atentados como a *matanza de Atocha* en xaneiro de 1977.
- Suárez negociou cos dirixentes militares a neutralidade do exército no proceso de reformas, a cambio da promesa de non legalizar ao Partido Comunista. Suárez decidiu a súa legalización na Semana Santa de 1977. Os militares sentíronse enganados. Pero non se produciu o temido golpe de Estado, mostrando un cambio nas forzas armadas.

1.6. As primeiras eleccións democráticas. 1977

Partidos políticos:
- Partidos de esquerdas: PCE, PSOE, PTE, MCE, ORT
- Partidos de dereitas: AP, Fuerza Nueva
- Partidos de centro: UCD.
- Partidos nacionalistas:PNV, PDC, ERC, BN-PG, PSG
- A UCD conseguiu 166 deputados, e o PSOE en segundo lugar con 118 deputados. Aínda que non contaba con maioría absoluta no Congreso, composto por 350 deputados, Adolfo Suárez constituíu **o primeiro goberno democrático** de España despois da Guerra Civil.

2. A CONSTITUCIÓN DE 1978

- Para a súa redacción elixiuse un relatorio formado por deputados de todos os partidos con representación nas Cortes. A elaboración da Constitución iniciou a chamada política de consenso (negociación e acordos entre os principais partidos).
Características:
- Definición do Estado como democrático e social de dereito, organizado como monarquía parlamentaria,
- Ampla declaración de dereitos fundamentais e liberdades civís e políticas
- Carácter progresista, pero con certa ambigüidade e eclecticismo, produto do consenso, que permite que o seu desenvolvemento lexislativo fora asumido tanto pola esquerda como pola dereita democrática.

3. O PROCESO AUTONÓMICO E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.

- As Comunidades Autónomas que se constituísen terían un Estatuto de Autonomía no que se recollerían as competencias que asumían. Os Estatutos de Autonomía deben ser aprobados polas Cortes Xerais.
O proceso farase en dúas etapas::
- Preautonomías: concesión dunha autonomía provisional a rexións que o solicitaran.
- Autonomías: desde que a Constitución regule o réxime autonómico.
- Artigo 151 da Constitución específico para as chamadas «nacionalidades históricas»; é dicir, aquelas nas que xa se tivese aprobado con anterioridade —na época republicana— un Estatuto de Autonomía (Cataluña, País Vasco e Galicia).
- Artigo 143, polo que se rexerán a maioría das Comunidades Autónomas.

3. 4. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

- A ausencia de institucións no exilio que fosen depositarias da legalidade histórica e a debilidade das forzas nacionalistas e autonomistas complicou o proceso, non aprobándose o Estatuto ata 1981. Formouse unha comisión de 16 membros que elaboraron o texto do Estatuto que se someteu a referendo en 1980. As forzas nacionalistas non aceptaron o texto do Estatuto por consideralo insuficiente, promovendo o voto en contra.
- O Estatuto estableceu para Galicia un modelo parlamentario de autogoberno; as institucións básicas do poder galego son o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia.

4. CRISE ECONÓMICA E PACTOS DA MONCLOA.

- A crise do petróleo de 1973 golpeara duramente a España. O paro e a inflación crecían de forma alarmante. Para estabilizar a situación económica as principais forzas políticas asinaron en outubro de 1977 os Pactos da Moncloa, unha serie de medidas consensuadas para facer fronte ás graves dificultades económicas.

4.1. Causas da crise - Internas:

A. Factores políticos: Escasa atención prestada á política económica por parte dos gobernos, xa que estaban máis preocupados pola transformación institucional.

B. Transición económica: Nos anos finais do franquismo, e considerando de maneira errada que a crise do petróleo era algo transitorio, o goberno decidiu non repercutir o prezo sobre os consumidores, senón que o Estado fíxose cargo do seu financiamento. O resultado foron enormes déficits na balanza por conta corrente que se mantiveron ata 1984.

C. Herdanza do franquismo:

A industria que se desenvolvera durante o franquismo tiña graves deficiencias como resultado do antiliberalismo e do intervencionismo. Ex: baixo nivel de competitividade debido á tradicional política proteccionista; forte dependencia enerxética.

5. OS PACTOS DA MONCLOA. 1977

Os obxectivos eran reducir a inflación e a posta en práctica don conxunto de reformas para repartir equitativamente os custos da crise. No seguinte cadro vemos as medidas de reforma que se puxeron en marcha

Loita contra a inflación	**Política de reformas**
Política monetaria restrictiva	Reforma do presuposto e control da Seguridade Social
Reducción do gasto público	Reforma fiscal
Depreciación da peseta	Modernización do sistema financeiro
Crecemento moderado dos salarios	Novo marco de relacións laborais